

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 30 DE SETEMBRO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día trinta de setembro de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez e Don José Ignacio Gómez Pérez. Non asiste, Don Javier Iglesias Sendin (non asiste).

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vintetres de setembro de dous mil trece (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Escrito de Don Carlos Raña González, con data RE 23 de setembro de 2013 N° RE 4822, relativo a solicitude de pago de trienios.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda:

Comunicar que mediante negociación sindical no ano 2012, se chegou a un acordo cos sindicatos mediante o que se recoñecería o primeiro trienio no ano 2013, e nos sucesivos anos se iría recoñecendo un por ano, ata compensar totalmente as cantidades que se debesen, dependendo das posibilidades económicas do concello, dada a complicada situación de crise actual.

**4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Deputación Provincial de Ourense, con data RE 17 de setembro de 2013 N° RE 4724, relativa a período de alegacións en relación co prestación do servizo de recollida do lixo.
2. Comunicación do Xulgado do Contencioso Administrativo nº1 de Ourense, con data RE 30 de setembro de 2013 N° RE 4905, relativa a da sentenza do procedemento ordinario 204/2011.
3. Comunicación do Xulgado do Contencioso Administrativo nº2 de Ourense, con data RE 24 de setembro de 2013 N° RE 4836, relativa a execución de títulos xudiciais do procedemento 28/2013A.
4. Comunicación da Dirección Xeral da Garda Civil, con data RE 27 de setembro de 2013 N° RE 4878, relativa a vertedoiro ilegal .

## **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN.-**

Dase conta polo Secretario dos seguintes convenios de colaboración:

1. Convenio de colaboración entre o Concello de Ribadavia e o Clube Francelos F.C, para a utilización das instalacións deportivas municipais.
2. Convenio de colaboración entre o Concello de Ribadavia e o Clube Escola Balonmán Ribadavia, para a utilización das instalacións deportivas municipais.

Consta informe xurídico de data 30.09.2013.

### **APROBACION DO PADRON COBRATORIO DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS, INSTALADOS NA FACHADA DE ESTABLECEMENTOS BANCARIOS E CON ACCESO DIRECTO DENDE A VÍA PÚBLICA.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo aproveitamento especial de terreos de dominio público con caixeiros automáticos, instalados na fachada de establecementos bancarios e con acceso directo dende a vía pública, exercicio 2013, por importe de 12.410 euros. Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como período cobratorio entre o 1 de Outubro e o 30 de novembro de 2013”.

### **XERACIÓN DE CRÉDITOS N°5/13.-**



“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº5 /13, por importe de 112.666,50 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

**APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA 3º TRIMESTRE DO 2013.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 3º trimestre do 2013, por importe de 53.339,37 euros, tarifa de depuración por importe de 10.294,01 euros, máis 6.364,37 euros de IVE, resultando un total de 69.997,75 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 3º trimestre do 2013, por importe de 24.085,07 euros, Canon de auga fixo da Xunta, por importe de 9.047,34 euros e Canon de auga variable da Xunta, por importe de 12.668,61 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como periodo cobratorio entre o 30 de setembro de 2013 e o 22 de novembro de 2013”.

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



